



MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ARBO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E CONSOLIDACIÓN DA PONTE MOURENTÁN EN ARBO

Correspóndelle á Comunidade Autónoma, ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27.18º) e a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia. Esta competencia está, asemade, contemplada e desenvolvida na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio Cultural da nosa Comunidade Autónoma. Como indica o seu artigo 1: *"o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens móbiles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, poidan ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo"*.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, declara expresamente que ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

A presente lei regula no seu título II o réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. No capítulo primeiro do citado título (artigo 33) establécese que *"a Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia"*, sen prexuízo do disposto no artigo 32 da presente lei.

Por todo o anteriormente exposto, e co fin de garantir a protección e a conservación dos bens integrantes do noso patrimonio cultural, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, en exercicio das súas facultades e competencias expresamente recoñecidas, acorda, con base na normativa aplicable, xustificada a necesidade de realizar as obras de **reparación e consolidación da ponte Mourentán en Arbo**.

A ponte de Mourentán ten a consideración de ben catalogado e está incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia. Esta ponte foi construída nos séculos XIV-XV sobre o río Deva para facilitar o cruce ao antigo camiño xa recollido en documentos medievais dende Ribadavia a Tui. A día de hoxe a ponte presenta danos localizados fundamentalmente no estribo dereito e nos petrís. No resto da fábrica considérase necesario rozar e limpar a intensa vexetación que cobre os muros do estribo esquerdo e cortar e estabilizar algunhas árbores que medran neles, hoxe dun tamaño pequeno, e que nun futuro poderían ser causantes de danos na fábrica.

Á vista do anterior, é necesario executar as actuacións necesarias para garantir a estabilidade da ponte, coa finalidade de frear o seu deterioro e evitar que desapareza, ao tempo que se garante a súa conservación. Os traballos a desenvolver para acadar os obxectivos sinalados consistirán en: eliminación da vexetación que colonizou os alzados da bóveda e dos muros de acompañamento dos estribos; retacado de peche de ocos; reforzo e consolidación do estribo dereito; reparacións puntuais no petril augas abaixo; reposición do pavimento previamente levantado coas mesmas características que o existente; estabilización e cosido da fenda; substitución das tres doelas inferiores da boquilla augas abaixo; eliminación de dous grafitis de pintura azul existentes dende hai anos no intradós da bóveda.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, comprométese a contratar as obras indicadas, así como a dirección de obra e a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 546 597

galicia

31 OUT. 2016

dispoñibilidades económicas de cada exercicio para estes fins. O orzamento inicial estimado para esta actuación é de 107.493,89 € (IVE incluído).

Pola súa banda, o Concello de Arbo comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións, tramitar a preceptiva licenza e soportar os custos por ela xerados.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras previstas para a ponte Mourentán, van evitar que continúe deteriorándose este ben e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego. Por outra banda, esta intervención está incluída no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro da medida *Conservación das pontes históricas galegas* do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2016

A directora xeral do Patrimonio Cultural



M^a Carmen Martínez Ínsua